

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2020

*Emilia Pardo Bazán.
Notas para un debate necesario*

Pilar García Negro

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº 5 · 2020

ARTIGO

Emilia Pardo Bazán.

Notas para un debate necesario

Pilar García Negro

Universidade da Coruña. Grupo de investigación ILLA

maria.pilar.garcia@udc.gal

PALABRAS CHAVE

*Emilia Pardo Bazán,
Galiza,
visión da Galiza,
Rosalía de Castro,
Manuel Curros
Enríquez,
viaxe ao Vaticano.*

RESUMO

O centenario do falecemento de Emilia Pardo Bazán merece unha aproximación, de novo, á súa obra e á súa personalidade. Este artigo propón unha serie de temas de debate que xulgamos preciso abordar desde a súa terra de orixe, a Galiza. Un deles, principal, é xustamente a súa concepción da mesma, a súa aspiración irrenunciábel a triunfar na literatura española e, a partir de aquí, a súa desestima pola literatura galega expresada en galego con vocación universal, como a realizada por Rosalía de Castro. Préstase atención a dúas obras coetáneas (1888) e contrarias na súa estética e ideoloxía: “Mi romería”, de Pardo Bazán, e *O divino sainete*, de Manuel Curros Enríquez: tese e antítese do mesmo evento.

KEYWORDS

*Emilia Pardo Bazán,
Galiza,
vision of Galiza;
Rosalía de Castro,
Manuel Curros
Enríquez,
trip to the Vatican.*

ABSTRACT

The centenary of the death of Emilia Pardo Bazán deserves an approach, again, to her work and her personality. This article proposes a series of topics for debate that we believe need to be addressed from their homeland, Galicia. One of them, the main one, is precisely her conception of it, her inalienable aspiration to succeed in Spanish literature and, from here, her rejection of Galician literature expressed in Galician with a universal vocation, such as that made by Rosalía de Castro. Attention is paid to two contemporary works (1888) and contrary in their aesthetics and ideology: “Mi romería”, by Pardo Bazán, and *O divino sainete*, by Manuel Curros Enríquez: thesis and antithesis of the same event.

Introito

2021 é o ano en que se conmemora o centenario do falecemento de D^a Emilia Pardo Bazán (e os 170 anos do seu nacemento). Boa ocasión para voltar de novo á súa obra, á súa significación ideolóxico-literaria e á súa función dentro da cultura e da política galegas. Endebén, o noso interese pola escritora procede de moitos anos atrás. Nos nosos anos de docente no ensino medio, ocupámonos de a explicar, sequer brevemente, tivese presenza ou non no temario escolar. En 1989, a revista *Festa da Palabra Silenciada*, dedicou o seu número 6, monograficamente, á análise da persoa e obra da escritora. Neste volume, publicamos o estudo “Pardo Bazán: feminismo, espírito de clase, moralismo”, revisado e reeditado en *La Tribuna* (nº 2, 2004). Para tal mester, procedéramos a unha moi ampla (re)leitura da obra novelística, ensaística e xornalística da autora, a fin de podermos documentar a principal tese sostida: como o feminismo proclamado pola escritora *ore rotundo* ficaba severamente limitado ou contradito polo seu militantismo político-relixioso e pola súa rochosa defensa da clase social a que pertencía. Xa neste século, resumimos no artigo titulado “A concepción da Galiza en D^a Emilia Pardo Bazán (De como a terra nunca podería ser Terra)” (publicado en *Ágora do Orcellón*, nº 27, agosto 2014) trazos significativos da súa posición a respecto da súa terra de nacemento (e, tamén, de rendas e patrimonio). Non deixamos de a incluír no volume *No tempo de Follas novas. Unha viaxe pola literatura universal* (Alvarellos editora, 2015), en que celebramos os 135 anos da publicación daquela obra senlleira de Rosalía de Castro, acompañando o comentario da mesma dun panel de autoras-es e obras contemporáneos (vinte) comentados por dezaioito escritoras-es.

Sirva o dito para dar conta do noso interese investigador e crítico, de moito tempo atrás, sobre unha escritora que, pola súa elocuencia e rotundidade expositiva, resulta de certo moi atractiva e agradecida para a análise e o comentario e, aliás, por ser intersección evidente de varios núcleos temáticos de importancia fundamental: século XIX; muller; Galiza; literatura; clase social. Pensamos, neste sentido, que ás galegas e galegos do presente nos asiste non só o dereito senón o deber de *ler* e de interpretar desde nós mesmos *todos* os modos contemporáneos de sermos galegos, de revelar (ou contestar ou negar) a nosa identidade, de enfrontármolos a ela, de dala a valer ou de esmagala, por absorción á española-europea. Pardo Bazán é un dos exemplos conspicuos de exercer un *modo* de ser galega: por negación, por asimilación-identificación absoluta coa cultura-política española e, por aquí, por se ver abocada a un *constructo* sobre a Galiza, a súa cultura, a súa literatura, os seus vultos principais e, sobre todo, o seu povo, que **xustificase e lexitimase** aquela súa opción. Ambas –deserción e manipulación– son solidarias. A súa posición de clase non se limita a beneficiar a orixe galega canto a rendas, ingresos, patrimonio, favores e homenaxes, senón que precisa edificar unha imaxe da Galiza acorde á súa actitude,

ideoloxía e moral: a coartada da súa integración *de hoz y coz* na metrópole, como intelectual orgánica da Restauración, ramo conservador-reaccionario.

Ora, hai moitos máis aspectos da súa vida e obra que deben ser atendidos e entendidos. É unha firme defensora da necesidade de mudanza do status legal, xurídico, educativo e moral da muller, particularmente anticuado e reseso na España do seu tempo. Ela, España, debería europeizarse, mais nunca para alén dos límites do catolicismo-monarquía-tradición española. Foi incrivelmente moderna na construción do seu *self* como escritora e no goberno da súa carreira como empresaria de si mesma, sen ralear medios, visitas, convites, contactos con *tutti quanti influencers* na arena española e europea. Permitíallo a súa abastada situación económica e usouna no seu propio beneficio. Nunca abdicou da súa posición de clase e sempre defendeu a aristocracia (unha aristocracia cultivada, iso si, non parasita) como única clase con capacidade reitora. Desprezou calquer fórmula de sufraxio universal ou de participación popular na composición de parlamentos ou gobernos e nunca endexamais rabuñou a máis mínima instrución da Igrexa Católica, xa non digamos os seus dogmas basilares. Todo isto, como é natural, foille recoñecido ao máximo posíbel na España (e na Galiza ecoica e dependente) do seu tempo. Nengunha intelectual-artista contemporánea chegou máis alto no *ranking* de honores dispensábeis a unha muller. Que fose rexeitada como membro da Real Academia Española fala moito máis non de que lle faltasen méritos para o ser, no código da ortodoxia imperante na douta casa, senón da rancia, misóxina e sexista mentalidade dos académicos. Por certo, o paralelo, no caso da homóloga galega, non se deu: con todos os honores foi nomeada presidenta honoraria da Real Academia Galega. Profeta na súa terra, desde logo, con todos os galardóns posíbeis, incluíndo rexia recepción na súa cidade natal, estatua en vida e homenaxes varias. Para isto a súa terra non lle foi nada *selvaxe, bárbara* ou *atrasada*.

Como en todo escritor-a, a súa *weltanschauung* cómpre rastrealala non só no seu *corpus* declarativo, asertivo, senón ao longo de toda a súa copiosísima obra. Quer dicir, quen se limitar a considerar só o *semblante* ficará gravemente limitado-a no estudo de aquela. Ela, como calquer colega, debe ser estudada na súa produción toda, non só na proxección do seu *eu*. Casa a declaración de “feminista radical” (autodefinición) coa absoluta carencia de voz propia de personaxes femininas populares (galegas, en grande número) nalgunhas das súas principais novelas? Que sabemos da Sabela de *Los Pazos de Ulloa*, da Esclavitud de *Morriña*, da Maripepa de *Bucólica...*, en por elas mesmas? É tan abafante o peso da tese-preconceito que empece calquer asomo de comparecencia da personaxe en por si. Son ecoicas, son satelitais. Como tamén triunfa unha e outra vez a tese redencionista da súa clase social e dos seus pecados ou *deslices* morais. O matrimonio será o certificado, tantas veces, desta *redención*: o da protagonista de *Insolación*, após a súa alegría erótica; o da Amparo de *La tribuna*, cuxo fillo obreiro repara a honra magoada da nai, obrigando o pai, moi serodidamente, a casar con ela. A estabilidade sociomoral por riba de todo.

Como verá quen amablemente isto ler, estamos a xogar coas cartas boca arriba. Decididamente ou descaradamente. É así porque nos alarma o estado da cuestión. Un cenenario –ou calquer efeméride- debora valer para abrir un debate, en libre concorrencia, sobre o obxecto da celebración-homenaxe. No caso de D^a Emilia Pardo Bazán, estamos asistindo á apoteose de mitemas ou de ideoloxemas bloqueadores de toda análise diverxente ou, simplemente, contrastiva. Ingredientes: feminismo sen tacha; defensora *full time* das mulleres; innovadora absoluta; audaz ilimitada; gloria da súa terra; vítima de todas as persecucións habidas e por haber... Versión *ma non troppo*: contradicións á vista, mais elas fan parte da riqueza da personaxe; ambigüidades arrequecedoras; contrastes comúns a todos os escritores do seu tempo; convivio (estraño, mais posíbel) de posicións moi avanzadas con dogmatismos político-relixiosos inamovíbeis.

Desde un amplo abano de posicións galegas –de dereita, de esquerda, de centro e perifrásticas–, velaí a pedra angular (por imitarmos título dunha das súas novelas): NON SE PODE OFENDER UNHA GLORIA ESPAÑOLA NADA NA GALIZA (e que soubo escoller ben o bando a defender, onde baterse e onde triunfar)^[1]. Quen o fixer (non ofender, simplemente diverxer da mitomanía glorificadora) é reo de culpa inmorredoira, rabudo-a nacionalista sectario-a ou cego-a ás *celebrities* que a Galiza deu á España desde a Idade Moderna. *Anatema sit!* Até se poden retorcer tanto os argumentos que se inventa a diatriba de D^a Emilia ser atacada por non escribir en galego (?), como se o XIX da nosa historia non contase (afortunadamente) coa máxima e revolucionaria expresión da cultura galega, da súa estética, da súa épica-lírica, na persoa e obra de Rosalía de Castro. Tese e antítese.

Por tanto, despois de todo o dito, e, por suposto, téndomos en conta decisivas achegas bibliográficas habidas no período intersecular e, sobre todo, no que levamos de século XXI^[2], e que arrequecen considerabelmente o *corpus* académico-di-

[1] Vid. o artigo de Xosé Antonio Fraga: “¿Por qué Emilia Pardo Bazán non debe ser a luz dun “faro da igualdade” en Meirás?” (*La Opinión*, 31 de decembro de 2020) e o artigo de réplica ao mesmo, de José María Paz Gago: “Emilia Pardo Bazán y la igualdad. Réplica al libelo de X. A. Fraga” (*La Opinión*, 6 de xaneiro de 2021).

[2] Limitámonos a asinalar unhas cantas: a publicación da revista *La Tribuna: cadernos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, desde 2003; “Introdución” de Marina Mayoral a Emilia Pardo Bazán: *La educación del hombre y de la mujer, La dama joven, Memorias de un solterón* (2006); *Emilia Pardo Bazán: la luz en la batalla*, de Eva Acosta (2007); *Biografía canalla de Emilia Pardo Bazán*, de Ana Martos (2017) e a imprescindible *Emilia Pardo Bazán*, de Isabel Burdiel (2019). Así mesmo, é moi recomendábel a lectura da biografía de Concepción Arenal de Anna Caballé: *Concepción Arenal. La caminante y su sombra* (2018), como xulgamos indispensable, para comprender o XIX galego en toda a súa complexidade, a lectura de *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria. A persoa e a obra de onte a hoxe*, de Francisco Rodríguez (2011). Estas dúas últimas citadas, como se ve, non dedicadas a Pardo Pazán, achegan, porén, información contextual e histórica moi relevante tanto para entendermos o oitocentos galego e español como para captarmos a importancia da intervención pública feminina de tres galegas senlleiras ao longo desa centuria.

vulgativo da-sobre a escritora, permitímonos suxerir uns cantos temas de debate que reputamos fundamentais para a comprensión-interpretación da obra, función e transcendencia pardobazanianas. Eilos:

- En primeiro lugar, e desde unha óptica galega, un tema crucial: a relación Pardo Bazán / Galiza. Máis que dun asunto, estaríamos a pensar nunha constelación temática: resposta como clase social; posición ante a lingua e a literatura galega; tratamento de personaxes galegas na obra novelística e contística; visión-tratamento de Rosalía de Castro; posición ante o movemento patriótico galego; estima-desestima nos seus ensaios doutros escritores galegos...
- Análise da carga de tradición e da achega de innovación na súa obra narrativa.
- Perfil do seu feminismo. Individualismo ou sororidade? Biografía ou socialización?
- Militancia política e militancia relixiosa. A proxección de ambas na obra.
- A razón dunha novelística de tese.
- A modernidade do seu rol de escritora e muller de mundo.
- O seu encaixe na cultura-política española. Ascenso, desencontros, desprezos e triunfos.
- A construción dun mito arredor da súa figura: en que termos; con que finalidade; ao servizo de que idea da Galiza e de España?
- En certo sentido circular, a respecto da primeira cuestión proposta, un tema fascinante, que aínda dá ou dará moito de si: como as dúas grandes visións e aspiracións da Galiza e para a Galiza, no XIX, por tanto, na contemporaneidade, están representadas (antiteticamente) por dúas mulleres: Rosalía de Castro (1837-1885) e Emilia Pardo Bazán (1851-1921).

Co permiso de vostedes, nós “abrimos boca” co artigo que a seguir figura:

De como a terra nunca podería ser Terra (Apontamentos sobre a concepción da Galiza en D^a Emilia Pardo Bazán)^[3]

Dúas personaxes arrebatadoras van comparecer perante os nosos ollos. Quer a casualidade que ambas son rigorosamente coetáneas. Manuel Curros Enríquez nace o 15 de setembro de 1851; D^a Emilia Pardo Bazán, no día seguinte. Ela, na Coruña, que, por parte da súa aristocracia-burguesía, preténdese emblema maior do Estado

[3] Este artigo, submetido a revisión e engádegas, correspóndese na maior parte co publicado sob o título (invertido, como se ve) “A concepción da Galiza en D^a Emilia Pardo Bazán (De como a terra nunca podería ser Terra)”, na revista *Ágora do Orcellón*, nº 27, 2014. Privilexiamos agora o xogo tipográfico da minúscula / maiúscula por resultarnos expresivo da tese que desenvolvemos.

na Galiza; el, noutra punta da nación, en Celanova, de profunda raíz histórica. O perfil de ambos non pode ser máis distinto e distante, realmente antagónico: un mason / unha ultracatólica; situación económica inestábel, apurada ou mesterosa/ unha adañeirada boiante; un demócrata republicano, progresista universal / unha monárquica absoluta; un debelador de privilexios / unha defensora dos da súa clase social; un cristián heterodoxo, crítico da xerarquía e da corrupción da curia, abertamente anticlerical / unha fiel filla da Igrexa Católica, adoradora dos seus dogmas, ritos e magnificencia; un galego emigrante-exiliado / unha española-europea-cosmopolita; un escritor, en fin, que arrequece a literatura galega na segunda xeración da súa renacencia / unha gloria da literatura-cultura española perfectamente acomodada nela e unha das figuras centrais da literatura española do seu tempo.

O percurso comeza nun ano clave para ambos, 1888, mais retrotráese ao de 1885, en que falece Rosalía de Castro. Poderemos contemplar en escena o cruzamento destas tres personaxes. Comezamos viaxando a Italia, para axiña voltarmos á Galiza.

1. 1888: un ano significativo no devir da cultura galega

Este ano tan *redondo* de fins do XIX coñece a publicación de dúas obras fundamentais no seguimento do noso conflito cultural. Aclararei axiña que estou a utilizar, en *amplificatio* libre, o sintagma “conflito cultural” a partir do xa acreditado histórica e cientificamente “conflito lingüístico”. Aquel é unha extensión deste, por moito que posúa características propias e unha razón de ser que, na historia galega, terá orixes e consecuencias claramente políticas, no sentido profundo do termo. As dúas obras a que me refiro son *O divino sainete*, de Manuel Curros Enríquez, e mais *Mi romería*, de D^a Emilia Pardo Bazán. Para maior coincidencia, ambas están referidas ao mesmo tema: a peregrinación a Roma, co gallo do Xubileo (vodas de ouro sacerdotais) do Papa León XIII, e todo apunta a que a obra do celanovés se ergue como resposta **galega** á obra da coruñesa, pois as dúas son, na realidade, tese e antítese na consideración do motivo citado.

Emilia Pardo Bazán emprende viaxe desde Madrid, en tren, no 18 de Decembro de 1887, co fin de asistir, en Roma, á celebración dos fastos citados, o Xubileo papal. A viaxe ou romaría (no sentido estrito e orixinario da palabra: romaría < Roma) vai aparecer relatada en sucesivas crónicas no xornal *El Imparcial*, dirixido por Ortega Munilla (o pai de Ortega y Gasset), tamén viaxeiro na mesma. En formato libro, Pardo Bazán publicarao no 1888, acompañado dun esclarecedor Epílogo, subdividido en dúas partes: “I: Don Carlos”, en que refere a emocionante visita, en Venecia, ao xefe carlista, e “II. Confesión política”, en que se autodefine ideolóxico-politicamente e defende o entendemento entre a “Vieja España” e a “Nueva España”, sen ocultar a súa vella querenza polo carlismo e o Antigo Rexime.

Este texto, *Mi romería*, é de lectura imprescindible para comprendermos na súa xusta medida *O divino sainete*. Con efecto, a obra de Curros vén ser unha contun-

dente resposta crítico-paródica ao inflamado espírito dogmático-católico da autora e mais tamén ao seu ferreño españolismo. Ela viaxa coa esperanza de ver axiña

a ese Ser misterioso, poético y augusto entre todos los de la tierra [...]. Ser que tiene del anciano el blanco pelo, la sagacidad reflexiva, la larga experiencia que hace de la vejez símbolo de la historia; de la virgen, la castidad y pureza colombinas; del niño, la debilidad sacrosanta y la palabra intuitiva, profética e infalible. Para ese Ser, desde hace largos meses, hermosas y aristocráticas manos recaman sobre raso, muselina y terciopelo, con oro, aljófares y sedas, ornatos dignos del suntuoso Oriente; incrustan y cincelan los orifices el cáliz cuajado de brillantes que han de elevar sus puras manos en el sacrificio incruento [...]

(PARDO BAZÁN, 1888: 17).

Na persoa do Papa, en fin, a escritora ve representada *a toda la Iglesia militante y triunfante*. De por parte, en Don Carlos residencia *tal vez el remedio y la salvación de España. La Nueva España sabe ya por experiencia que ciertos principios esenciales de la Vieja no puede combatirlos impunemente; sobre todo, el catolicismo como religión nacional y la forma monárquica* (PARDO BAZÁN, 2010: 222).

Se acudirmos á releitura da obra de Curros, veremos como unha das denuncias principais que realiza (en liña co xa anunciado en poemas da súa obra primeira, *Aires da miña terra*, oito anos antes) será a acumulación de riquezas e luxo do Vaticano e a mercantilización da celebración xubilar:

o sacrosanto negocio / con que León XIII festexa / súa entrada no sazardocio [...] Da mutua fe pra desmedro / entramos baixo das bóvedas / da catedral de San Pedro. / Aquelo era un grande río / de ouro, de pelras, de rasos... / ¡Canta luz! ¡Canto xentío! [...]

(LÓPEZ VARELA, 1998: 810-811).

O Papa, neste, vestido / de albos tisúes e brocados, / de ouro e de pedras cinguido (*ibidem*: 813), para pasmo do poeta, convidao a xantar con el, cita á que acudirá co seu guía Francisco Añón, non sen antes espantarse da impúdica exposición de luxosos agasallos que lucían as galerías vaticanas:

Canto en sigros dazanove / o temporal poderío / ten arrapiñado ó probe, / Canto se ten aprobeado / a garra cardealicia / i o ventre do episcopado, Alí está, en montós xigantes / de oriental manificencia /-dende as pelras i os diamantes / Hastra a prata e ouro fino- / enormes bostas guindadas / do católico intestino (*ibidem*: 817-818).

É neste escenario onde o poeta se lembra

[...] dos que fozan / na terra, dos que non comen, / dos que non ríen nin gozan; / Do labrego que traballa / para manter muller e fillos / e dorme en mollos de palla; / Do probe vello balda-

do, / sin agarimo no inverno, / de porta en porta arrastrado; / Do neno que emporranchiño, / orfo, perdido na fraga, / garda o gando dun veciño [...] (*ibidem*: 818-819).

Na mesma serie (Canto VIII), e xa cara a cara co Papa, o poeta incrépao do seguinte xeito:

- Perdóneme súa mercede / -dixen entón-; pero coido / que mentres a Santa Sede / Os bens temporales ame / e insulte coa súa riqueza / ós que se morren de fame; / Mentres o Papa, que o trono / das almas herdou somentes, / queira ser do mundo dono, / i a pel do pascoal Carneiro / trocando en coraza, trate / de convertirse en guerreiro, / A obra papal será impía; / non de paz, de turbulencia; / non de orde, de tiranía. / De Cristo a mística esposa / fixo nefando adulterio, / i a súa falta vergonzosa / Non terá perdón divino / senón cando a Cristo torne dos brazos de Costantino (*ibidem*: 825-826).

Tan formidábel manifesto cumpre a súa función, e a forza dialéctica do vate consegue conmover o corazón do ancián papa que anuncia o seu abandono de Roma e de todas as súas riquezas, o seu propósito de viver da caridade e entregarlle toda a súa facenda aos pobres, mentres só aspira a finar en Santiago, na peregrinación ao “centro” galego (a periferia convertida en destino definitivo, en centro do cristianismo merecente de tal nome).

No poema “A gaita gallega”, inserido nos *Cantares gallegos*, Rosalía de Castro responde con el ao poema homónimo, “La gaita gallega”, do escritor salmantino Ventura Ruiz de Aguilera. O poema rosaliano é realmente prodixioso, pois adaptándose a todas as características formais do poema que o provoca (versuais, estrófica, lexicais, imaxinísticas...), resulta a súa contraface enteiramente^[4]. O que no escritor amigo de Murguía e de Rosalía é ambiguo ou dubidoso (*no acierto a deciros / si canta o si llora* [a gaita]), na escritora é clareza sen fenda: *que eu podo decirche: / non canta, que chora*. O que é obxecto de compaixón para o primeiro é inequívoca análise sociopolítica na segunda, con explícita mención dos dous termos do binomio e coa meridiana denuncia da marxinação da Galiza: *Probe Galicia, non debes / chamarte nunca española, / que España de ti se olvida / cando eres ¡ai! tan hermosa. / Cal si na infamia naceras, / torpe, de ti se avergonza, / i a nai que un fillo despresa / nai sin corazón se noma*.

Son varios os tabús que rompe a escritora con e neste poema. O principal, sen dúbida, xa ensaiado en “Castellanos de Castilla” ou “Castellana de Castilla”, é non se limitar á autodefensa -en termos colectivos- senón en ousar describer o ofensor, o causante do maltrato e da marxinação. Esta actitude, esta decisión, cobran valor revolucionario, porque elevan a vítima á categoría dunha conciencia nova sobre si, ultrapasando o terreo da elexía e convertendo o texto poético nunha macro-apóstrofe

[4] Vid. García Negro (2013).

de denuncia consciente: é o diagnóstico da opresión o primeiro paso para a combater; verbalizala supón retirar toda camuflaxe ou xustificación ao agresor, ao maltratador, e poñer a vítima no camiño de superar a súa subordinación, a súa humillación.

Este excursio ou digresión rosaliana na realidade non é tal, pois -para alén de reincidir nun valor da escritora aínda non ben ponderado- vai ser así mesmo o que poña en práctica Curros na escrita do seu *O divino sainete*. A viaxe que realiza D^a Emilia é física, real (ten diñeiro para a facer), e con toda a traza de reverencia e admiración que mencionamos *supra*. A de Curros (sen diñeiro) é unha “contra-viaxe” imaxinaria, a posíbel, unha viaxe onírica, na que non só lle dá unha reviravolta total aos fastos papais, senón que (xustiza poética) *consegue* o arrependemento do Pontífice e a promesa do seu retorno ao cristianismo evanxélico, de que o autor galego é firme defensor. Mais a viaxe, inspirada na obra dantiana *A divina comedia*, vai servir así mesmo para unha rotunda reafirmación galega do escritor, pois nela, de forma explícita, aparecerán os termos opostos do confronto ou conflito cultural a que nos referimos ao comezo. Así, Francisco Añón (morto dez anos antes, en 1878, na pobreza e soidade total) será o guía do viaxeiro a Roma. No Canto III, cando baten co vagón da Envexa, introduce directamente como personaxe, con trazos transparentes, a D^a Emilia, quen nega desprezativamente que exista renacemento literario galego, obra, segundo ela, de *catro soñadores tolos*, proclama que *Eu brillo con luz propia* e, face á afirmación do peregrino: *Eu sosteño, e traio probas, / que Galicia esperta; dígao / a autora das Follas novas*, ela responderá: *-¡Valente choromiqueira! / Poetas dese feitío / cómpranse a centos na feira. / Fai anos que un mal peza / quixo coroala en vida / i eu tireillo da cabeza* (LÓPEZ VARELA, 1998: 762-763).

Cando peregrino e guía mudan de departamento e entran no vagón da Gula, a escena é arrepiante: *Montón de frades noxentes, / ouscenos, crasos, cebados, / de longas uñas e dentes* (*ibidem*: 766) devoran carne humana: mataran a Murguía e estaban a rillar un toro del, así como talladas de Oxea, Vicetto, Lamas, Pondal, Rosalía... Na apoteose final do macabro ágape, vai ser o mesmo poeta o comesto, tal e como llo sinala Añón: *Pois, meu amante, vai vendo... / - i Añón amostroume un frade / que iba os meus ósos roendo* (*ibidem*: 770).

A lira de Curros ousa, pois, plantexar o problema en toda a súa crueza e *perpetrar* o seu particular axuste de contas. O confronto é claramente ideolóxico-político e débuxase non só nas coordenadas esquerda / dereita (defensa das clases populares / idem dos intereses e ideas da clase dominante, progresismo / reaccionarismo, heterodoxia / ortodoxia, laicismo / integrismo, democracia / alianza Altar-Trono...), senón que ten como ingrediente central a posición fronte a Galiza, a súa identidade e a súa cultura. Se adoptarmos o binarismo *á española*, a adscrición dos elementos dos binomios escritos está clara para un e outra: os situados en primeiro lugar do par correspóndense con Curros; os segundos, con D^a Emilia. Mais este conflito de clase, esta oposición ideolóxica está soldada a unha outra: a concepción sobre a Galiza e o seu futuro. O Curros de 1888 sábese membro (a segunda xeración) dos restaura-

dores da lingua galega e da cultura nela vehiculada que emerxeran na segunda metade do século XIX. Sente e admira como mestres Añón, Murguía e Rosalía. A súa ardente fe no Progreso con maiúsculas vaise impregnando cada vez máis de defensa política da especificidade da súa terra. Desta actitude é fillo *O divino sainete*, publicado o mesmo ano que a crónica pardobazániana de que é réplica, e sendo ambos expositores de dúas liñas antagónicas que coñeceu o oitocentos galego e que nel se manifestan con toda a clareza: a que ergue unha literatura na lingua nacional, abrindo o camiño para que a literatura galega fose a escrita en galego, e a que considera a Galiza provincia da única patria recoñecíbel, España, e a española e en español a única literatura merecente de tal nome á que os xenios galegos deberían contribuír co seu talento. Tese e antítese, como se ve, de síntese imposíbel.

2. Aínda 1888: publicación de *De mi tierra*, de Pardo Bazán

A autora asina o seu volume na Coruña, no 15 de Febreiro de 1888, e dedícallo “A la Excelentísima Diputación Provincial de la Coruña”, que é quen paga a edición. Non dubidamos en cualificar este libro como canonizador -ou, por mellor dicer, anti-canonizador- verbo da literatura galega renacente. Conceptuámolo, desde logo, como fundamental no proceso de formatación duns prototipos críticos cuxo esquematismo-ideoloxismo chega aos nosos días. O volume componse -como a propia autora explica- de elementos diversos, unificados “por la nota común de referirse a autores, libros, monumentos y paisajes de mi tierra” (do prólogo da obra). Con efecto, a escritora vai reunir nesta colectánea discursos referidos a Rosalía de Castro, Lamas Carvajal, Eduardo Pondal, o cancionero popular galego, o Padre Feixoo, o mosteiro de San Rosendo en Celanova, o castelo de Sobroso, a arte compostelana, Ribas de Sil, A Coruña ou unha disquisición sobre o carácter de idioma ou dialecto da lingua galega. Trátase, sen dúbida, dunha auténtica *enciclopedia* galega, unha especie de recompilación definitiva e definatoria do que, segundo ela, *era* (debería ser) a Galiza na súa produción e virtualidades culturais.

D^a Emilia publica este libro no seguinte contexto:

- a) Case tres anos antes, falecera Rosalía de Castro. Se o refrán español reza “A enemigo que huye, puente de plata”, poderíamos aquí parafrasealo como “A competidora en el podio literario, ni agua”, mesmo finada, tal e como veremos brevemente nas liñas que seguen.
- b) D^a Emilia (este ano cumprirá 37 anos) xa ocupa un lugar notábel no Olimpo literario español. É dabondo coñecida como contista, xornalista, novelista, polemista... Xa podemos datar moitos dos fitos dunha carreira literario-cultural que ela mesma se preocupou de ir construíndo con toda a deliberación: correspondencia cos principais vultos da *intelligentsia* española; vida mundana en Madrid, sem-

pre perto dos núcleos de poder e dos salóns da capital; reivindicación do papel da súa personalidade feminina como integrante dun sistema monopolicamente masculino.

- c) Extraordinaria habelencia para, sempre, ter un pé aquí e outro alá. Tentaremos explicar o aserto coloquial. Referímonos a como a escritora sempre xogou con dúas barallas. O seu intento vitalicio, todo o seu traballo persistente, visou ascender ao podio maior da literatura-cultura española, onde consideraba que debía estar por méritos propios e, desde logo, superiores verbo de moito notábel español mediocre. Ao tempo, nunca abandonou a pretensión de reinar (monarquía absoluta) na súa terra e de colaborar de xeito activo na conversión da literatura renacente en metaliteratura. Referímonos á constitución, en Febreiro de 1884, da sociedade “Folk Lore Gallego”, evento que tivo lugar na propia casa da escritora e que reuniu na súa xunta directiva personalidades ben coñecidas da cultura galega da altura: Salvador Golpe, Ramón Segade Campoamor, Antonio María de la Iglesia ou José Pérez Ballesteros. Preside esta sociedade a escritora. Non por casualidade os vultos principais da literatura e da historia da Galiza están ausentes (Murguía, Rosalía, Pondal, Curros, Lamas). Repárese na data: un ano despois falecerá Rosalía de Castro, após anos de progresivo silenciamento e soidade; o movemento pro-galego conta a cada paso con máis dificultades naquela Galiza dependente da España da Restauración.
- d) Esta simbiose non é tributaria só da súa vaidade ou da elevada autoestima de que estaba dotada, senón de algo material, económico, bastante máis prosaico. D^a Emilia e a súa familia, nomeadamente a súa nai, D^a Amalia de la Rúa, teñen piso en Madrid; na capital do Estado viven longas tempadas e son “alguén”, pertencen a “la buena sociedad”, “codéanse” co máis graúdo da aristocracia española, ao tempo que a escritora non demite nunca do seu empeño en ser recoñecida polos *grandes* da literatura-cultura española, os máis influentes, os que dispuñan de maior e mellor megafonía. Nesta nómina de ilustres, hainos de “dereitas” e de “esquerdas” (Valera, Pereda, Galdós, Clarín, Lázaro Galdiano...): non é esta distinción o que importa; o relevante é que son españois, de diferente carácter e ideoloxía, mais todos eles presentes e actuantes no sistema. Este é o factor fundamental. Mais, ao tempo, as rendas, o patrimonio, está na Galiza, son galegos, e precisan observancia e vixilancia continuadas: residencia na Coruña, granxa de Meirás... Neste sentido, D^a Emilia, como tantos outros membros da súa clase social, é *galega-galeguísima*: o patrimonio-rendas na Galiza, a cabeza en Madrid e un anaco do corazón no país natal.
- e) Abundan, no XIX español, nomes galegos na política española. O destino de altos funcionarios do Goberno español ou da Igrexa Católica é a *meca* para os fillos da burguesía galega ou da antiga fidalguía. Supón o seu triunfo como clase social. O prezo é, naturalmente, o de seren capataces eficientes da marxinação do seu país natal no concerto do Estado, os intermediarios necesarios do cacicato preciso aos

intereses deste. Bugallal, Riestra, González Besada, Vales Faílde, Linares Rivas, Montero Ríos... e tantos máis son bons exemplos deste retrato da clase social que abdica do seu deber de se constituír en clase dirixente galega para se entregar á súa consolidación biográfica ao servizo da oligarquía estatal. O que, en todo caso, distingue a D^a Emilia é o seu afán por ocupar, con pretensión ubicua, ambos campos: ser “medalla de ouro” en España e ser *Pontifex Maximus* no seu país natal.

De mi tierra supón, nesta liña, a síntese central do seu pensamento sobre a Galiza, da súa posición de clase e da súa posición nacional. Advertiremos decontado que a escritora detecta, intelixente e oportunamente, vectores fundamentais da sincronía galega en que viveu. Exemplos. Recoñece a marxinação-discriminación que sofre o país, polo que reclama un mellor goberno español para conxuralas e, sobre todo, para bloquear o “perigroso” abono que teñen nesta situación o “separatismo” ou as reivindicacións nacionais galegas. Enaltece sen dúbida a beleza da paisaxe galega, a súa variedade e toda a riqueza que o país alberga, incluída a súa gastronomía ou, por mellor dicir, as súas preciosas materias primas en cuestión de alimentos. Recoñece o maltrato salarial e alimentar que padecen os emigrantes galegos en Castilla. Mais... todo isto convive cunha especie de atraso conxénito que impede que o país progrese, comesto polos cacicatos locais, enguedellado en millenta estúpidas loitas polo poder parroquial ou provincial e, sobre de todo, cun povo incapaz de revirar o seu destino e, por tanto, condenado a repetirse na súa fatal sub-civilización.

Por outra banda, *De mi tierra* é inintelixíbel se prescindirmos de toda a conceptualización galega que a novelista desprega na súa obra narrativa de temática, escenario, personaxes ou decorado galego, parcial ou totalmente. Noutro lugar^[5], temos achegado exemplos desta visión, por moito que o tratamento completo do tema está aínda por facer. Exemplos que son abondosos: criadas-os que precisan ir a Madrid para “desasnarse”; amas de cría, tamén emigradas en Madrid, que son tipo vaca pródiga; rapazas galegas que valen como obxecto de iniciación sexual dos “señoritos”, semellantes á cor cobriza da terra; criadas, como a Esclavitud de *Morriña* (case coetánea da obra que comentamos, publicada en 1889), cuxo destino final é o suicidio, ao se ver abandonada pola súa ama, a viúva de Pardiñas, que, temerosa de que a atracción que desperta no seu fillo mozo vaia a maiores e teña consecuencias indesexadas, decide prescindir dos seus servizos (malia ela, a criada, entregarse aos cuidados de nai e fillo con fidelidade canina) e traspasarlla a un vello verde amigo da familia. Escusado será lembrarmos que limites se conceden ao uso do “dialecto” nesta prosa literaria. Palabras, expresións galegas, refráns..., ben en galego, ben en castrapo, son marca estilístico-social da clase servil. Noutras ocasións, a asociación é tan elocuente que case resulta conmovedora: a Carmiña de *Una cristiana* e mais a súa continuación, *La prueba*, fai uso sistemático do español, tal e como corres-

[5] Vid. García Negro (2004).

ponde á súa clase social (fidalguía vilega), ao seu sexo e á súa instalación, matrimonio mediante, en Madrid. ¿Cando vai facer uso do “dialecto”? Nada máis e nada menos que cando, cariñosa e agarimosamente, se ocupa dun xatiño, cría que acaba de nacer e con quen ela usa do afecto que non pode dispensar ao fillo que non ten nen ao marido que detesta. A escena prodúcese, claro está, na propiedade rural, próxima a Pontevedra, da familia do protagonista, Salustio, namorado desta muller, Carmen-Carmaña, que vén sendo a súa tía política. O resto de presenza lexical galega nestas novelas redúcese a certos coloquialismos inevitábeis -por moito que estuden en Madrid- do citado mozo protagonista e do seu amigo, o ourensano Luís Portal. Ben se ve que o galego ten “aptitudes” especiais para o trato cos animais domésticos, sobre todo aqueles que contribúen directamente ao sostén da economía familiar. É, nesta concepción, idioma *terroso*, cualidade que se traspasaré, como veremos, á literatura nel escrita e aos seus artífices.

3. A literatura galega é unha leira de monocultivo

Limitarémonos, nesta paseata crítica, a resumir algúns aspectos principais da visión da literatura galega de D^a Emilia, non sen antes advertir que o tema dá moito máis de si e que aínda falta un estudo pormenorizado de todo o que a obra da novelista debe á súa configuración como nativa galega e “española rabiosa”, como ela mesma se declarou. Na verdade, non coñecemos caso nengún onde o soar natal se retratase tan acorde e forzosamente adaptado aos intereses da autora como clase social e como afastada de calquer tentativa de mudar o seu papel (o papel do país) na orde española.

Sen dúbida, o traballo central e decisivo deste volume é o primeiro, o dedicado a Rosalía de Castro. O motivo é coñecido. Lugar e entidade organizadora: o Circo de Artesanos, da Coruña, presidido na altura polo seu esposo, D. José Quiroga. Pretexto: a homenaxe póstuma a Rosalía de Castro. Data: o 2 de Setembro de 1885, seis semanas despois do falecemento da escritora fundacional da literatura galega. Contido real do acto: a “puesta de largo” de Emilia como oradora pública, apadriñada nada menos que por Castelar, o Demóstenes do século, prologuista que fora de *Follas novas* (prólogo=escudo protector, salvaguarda dunha obra que demora máis de oito anos en poder ser publicada), un dos catro presidentes da efémera 1^a República española, mais convenientemente reinstalado na España da Restauración. Resultado: menos dun terzo do discurso está destinado ao (pretenso) enaltecemento póstumo da escritora celebrada, sendo as outras dúas terceiras partes dedicadas á exposición dos ideoloxemas centrais da autora atinentes á lingua galega, á súa literatura e aos perigos que esta pode supor para o medro do “separatismo”.

Téñase en conta que a escritora preparou cuidadosamente a edición deste seu volume, completado cun corpo de notas de grande interese, que se suman ao dis-

curso en si. Vaíamos polo atallo. A valoración de Rosalía de Castro -da súa persoa e obra- roza o delito intelectual. Nótese que utilizamos a mantenta este adxectivo e non falamos de “moral”, de “actitudinal” ou de “psicolóxico”. Falamos de delincuencia intelectual, porque D^a Emilia -sobran as probas e os exemplos- era unha muller competentemente leitora, prolífica escritora, intelixente dabondo como para xulgar cualidades literarias e, por suposto, coñecedora cabal da obra toda de Rosalía de Castro, non por afinidade, xaora, senón por vixilancia da competencia, que se diría en termos comerciais, e por coñecer ben a “mercadoría” que debía menoscabar.

Primeira “paletada” de gordo brochazo dedicado a Rosalía de Castro:

¿quién no ha leído sus versos?, quién no se ha sonreído con sus ingenuas malicias o suspirado con sus melancólicas saudades? (PARDO BAZÁN, 1984: 15). Está en liña tal valoración coa que merecen, en xeral, os “poetas regionales” que nos envuelven en la atmósfera natal, tibia como el claustro materno; compendia su musa lo pintoresco de nuestras costumbres y lo añejo y venerando de nuestras tradiciones; son la infancia, son la fe, son la ternura (*ibidem*: 16).

A maior abundamento, sendo, segundo todas as evidencias, muller a escritora mini-homenaxeada, o plus limitativo estaba servido:

Y es que el alma de la mujer, acaso por su contacto con la niñez, está más cerca del alma ingenua del pueblo; que es más capaz de comprenderle, de entrar en su orden de ideas, de interesarse por las pequeñeces que le preocupan. Ese es el principal encanto de Rosalía: haber expresado como poeta lo que entendió como mujer: y no creáis que es cosa fácil, despues de penetrar en el cerebro de la moza que va a la foliada o lleva la vaca al pasto, interpretar su pensamiento en forma poética, que no parezca al lector artificiosa y falsa (*ibidem*: 32-33).

“Traca” final: *Cuando Rosalía habla por cuenta propia, como sucede en la mayor parte de los poemitas de Follas novas, pidiendo al dialecto solamente la envoltura de su sentir, es sin duda un poeta digno de estima, pero que repite quejas muy prodigadas en la enfermiza poesía lírica de medio siglo acá (ibidem: 33).*

Roma locuta, causa finita. Así se despacha criticamente a existencia dunha magna obra como *Follas novas*, capital na produción da escritora e única en toda a literatura galega, anterior e posterior. No discurso do Circo de Artesanos, a mención dos *Cantares gallegos* e mais esta pexorativa de *Follas novas* esgotan a nómina de obras rosalianas citadas. Na edición en libro (nota 20) engádese: *Además de los Cantares, Rosalía Castro ha dado a luz otra colección de poesías gallegas, Follas novas, con un prólogo de Emilio Castelar; una de poesías castellanas, A orillas del Sar [sic], varios artículos, y ensayos, en el género novelesco (ibidem: 45).* Os “ensayos” veñen sendo cinco novelas feitas e dereitas, publicadas ao longo de toda a súa vida: *La hija*

del mar (1859), *Flavio* (1861), *Ruinas* (1866), *El caballero de las botas azules* (1867), *El primer loco* (1881). Sen comentarios.

Non perde a ocasión a escritora para mencionar, de paso, “A campana de Anllóns”, a primicia poética de Pondal, cuxo “gemido tan desgarrador” só se xustifica por o eu poético estar preso nos calabozos do Orán, ou a obra de Lamas Carvajal, que é “*poeta-hembra* en el buen sentido de la palabra, menos correcto, pero más dulce y conmovedor, más regional”.

Ora ben, a artillaría máis potente sobre-contrá a literatura galega é, como non podía ser menos, netamente política. Velaí o perigo que a novelista advirte con toda a perspicacia:

[...] el renacimiento lleva en sí un germen de separatismo, germen poco desarrollado todavía, pero cuya presencia es imposible negar, y que acaso sea el único fruto político y social de este florecimiento poético. ¡Qué otra cosa significa la frecuente confusión del concepto de patria con el de tierra o región nativa, confusión que aquí se repite tan a menudo en el lenguaje hablado y escrito!

Galicia no es sino la tierra, algo íntimo y dulce, algo quizás más caro al corazón, más necesario para la vida que la misma patria: pero la patria representa una idea más alta aún, y la patria, para los españoles todos, donde quiera que hayan nacido, desde la zona tropical hasta el apartado cabo de Finisterre, es España, inviolable en su unidad, santa en sus derechos (*ibidem*: 40).

Xa no comezo do discurso (parágrafo oitavo do texto publicado), a escritora advirte claramente as reservas que a “literatura regional” lle merecen, só atenuadas pola súa conexión a unha natureza encantadora:

Tan irresistible indulgencia nos domina que, aun rechazando lo que en el terreno político representa la literatura regional; aun abrigando dudas acerca de su utilidad y porvenir, al encontrarnos frente a frente con ella nos desarma su gracia, y respiramos con placer su aroma de flor nacida en las montañas y en los linderos incultos (*ibidem*: 17).

Da maior importancia será a nota (4) que a escritora incorpora a estas valoracións na publicación en libro. Eis a seguinte:

El exponer las razones en que se basan estas dudas, pediría más espacio del que dan unas notas breves y puramente aclaratorias a un discurso que por fuerza hubo de ser compendiosísimo, atendido que se escribió para leerlo en público. Por consiguiente no haré más que indicar las principales, y son, en mi concepto: -1ª Lo mucho que complica el estudio y conocimiento de una literatura nacional su división en varias lenguas.-2ª La limitada esfera de acción que corresponde a las obras literarias cuando sólo pueden ser debidamente apreciadas en un territorio circunscrito y dependiente.- 3ª El carácter arqueológico de los renacimientos

regionales.- 4ª Su forzoso exclusivismo y condición en cierto modo negativa.- 5ª El impulso inevitable de toda nacionalidad a extinguir los dialectos y a que prevalezca el más perfecto y general de entre ellos, que constituye la lengua patria (*ibidem*: 43).

Se alguén, aínda, tiver dúbidas sobre o carácter netamente político, patriótico, nacionalista, do movemento de rehabilitación galega -de que a literatura foi seu espello e axente principal- abondará con que lea este catálogo de problemas enunciado por Dª Emilia. Noutras palabras: o que o Murguía de *Los Precursores* (1886), por exemplo, vai definir en positivo e con todo o carácter reafirmante e lexitimador da loita que, con Rosalía de Castro na primeira fila, iniciaran na década dos ´50, vai ser convenientemente contestado e criticado nesta síntese da posición antitética. A mención do volume de Murguía ten toda a súa pertinencia, pois non é desbotábel en absoluto considerar a publicación de *De mi tierra*, dous anos posterior á do volume murguiano, como unha resposta a esta. Dª Emilia, intelectual orgánica da Restauración, non vai deixar pasar a ocasión de sentar posición e criterio nun tema crucial como o da monarquía do idioma oficial do Estado e o perigo que, ao seu ver, representaban para tal reinado as linguas e literaturas escritas en “dialectos”, isto é, en linguas non oficiais. Cumpría contestar adecuadamente a tríade nación-lingua-historia (e a súa filla renacente, grande novidade do XIX, a literatura en galego) que o historiador manexaba, e *canonizar* un outro modelo, o que conviña moi en particular ao sistema español e ao papel que nel xogaba a Galiza.

4. As extremas da leira

Como documentamos *supra*, é o de Dª Emilia un caso expresivo da posición dunha parte non pequena da intelectualidade galega e tamén dos seus políticos, que comezan a súa carreira na Galiza, como chanzo inevitábel, para ascenderen despois ao destino verdadeiro, o triunfo en España, a partir sempre do centro madrileño. En termos ciclistas, o país é só unha meta volante. A meta final e definidora do triunfo é Madrid. Esta viaxe centrífuga é a común no XIX (e, por suposto, chega aos nosos días: non hai máis que contemplar a traxectoria de gobernantes españois de procedencia galega ou aspirantes a sérenos...) e xustamente encontra en Rosalía de Castro a súa rupturista contravención. Ela fará o itinerario inverso; será a súa unha viaxe centrípeta, con retorno definitivo á Galiza (e non nos referimos só á instalación física, senón á mental, psicolóxica e política).

No caso de Pardo Bazán, a macro-metonymia é reversíbel, isto é, funciona tanto desde a concepción da lingua, trasladada á literatura e desta ao país todo, como viceversa: desde o país, concebido limitadamente, á súa literatura, como filla cultural “contaminada” *ab initio* e, dela, á propia lingua. Nesta concepción, hai, por tanto,

eivas conxénitas e unhas outras adquiridas. A principal das primeiras provén da asociación do “dialecto”, da lingua galega, co seu ámbito “natural”. Sería, *a fortiori*, unha literatura uniclasista e monotématica, vinculada ao campo-mar e á cultura peculiar dos seus habitantes. Unha literatura, pois, simples, inxenua, pícara, saudosa (elemento definidor fundamental da “raza”) e encantadora como as grazas e pillarías infantís.

No volume que estamos a analizar esquematicamente, hai, porén, unha aparente excepción. É a que representa o artigo “Luz de luna”, dedicado a Eduardo Pondal. É, con moito, o autor máis celebrado de todos os que merecen a atención da escritora (non perdamos de vista, por certo, que do panel de escritores galegos do Primeiro Renacemento é Pondal o que pode vivir desafoadamente, mercé á parte do patrimonio familiar de que pode dispoñer; D^a Emilia diríxese neste caso a el como a un igual). Representa, para ela, o “autor de la poesía más celebrada que se ha escrito en lengua gallega”. Ora ben, a óptica desde a que se contempla a poesía pondaliana non rompe o esquema xeral; antes ben, refórzao, por iso, falamos de “aparente” excepción. Isto é así, porque, para a Condesa, o escritor bergantiñán é un soñador, cuase lunático, que se dedica a idealizar unha Galiza do pasado (non esquezamos a utilización do adxectivo “arqueolóxico” que emprega a escritora na nota 3^a que reproducimos na páxina anterior), unha vez superadas as “febres” xuvenís (léase compromiso combatente na rehabilitación da Galiza). O escritor non encontra acomodo nun presente vulgar e prosaico e refúxiase no pasado heroico e inventado:

Esta poesía se escribe en un siglo de intereses positivos y de ciencia experimental (siglo que le parece harto prosaico a nuestro bardo, enamorado del tiempo que fue, a pesar de ciertas fiebres políticas juveniles que padeció un tiempo y que deberían llamarse la escarlatina del alma), pero suena -¿cómo dudarle?- a canción vieja [...] (PARDO BAZÁN, 1984: 72).

Solidaria da limitación conxénita atribuída á literatura galega vai ser a valoración da eiva adquirida: a súa asociación a un movemento liberador que para a escritora non pasa de ser doenza infantil que unha “correcta” instalación na vida adulta pode “curar” sen problemas. De aí que xulgue intelixentemente poemas de Rosalía de Castro como “Castellanos de Castilla” ou “A gaita gallega” como mostras ben perigosas, auténticos xermes de “separatismo” e, por aquí, absolutamente condenábeis.

As extremas da leira están, pois, ben definidas. Se fixermos unha análise lexicométrica, atoparemos sen dificultade os ingredientes principais da literatura galega admisíbel, da literatura en “dialecto” *comme il faut*: aldeana; primitiva; melancólica; pícara; fresca e vizosa como os amorodos silvestres; resignada; rústica; doce e conmovedora; inepta para asuntos transcendentales, inválida para a enorme floresta da literatura-*verité*. Fóra, xa que logo, da modernidade, e condenada -nesta lóxica- a un futuro agónico, en tanto en canto fosen mudando as condicións materiais e sociais que lle daban alimento.

5. A xeito de conclusión (con anecdotario do presente)

Non sabemos en que data Rosalía de Castro escribeu no abano de D^a Emilia (catorce anos máis nova do que ela) os seguintes versos: *Mimada polas Musas, / servida polas Gracias, / cun corazón que vive de harmonías, / nobre cantora das gallegas praias, / ben merecés reinar como reinades, / manífica, absoluta, soberana*. Si sabemos cando a dedicataria o publicou: na *Revista de Galicia*, que ela mesma dirixía, núm. 10, 25 de Maio de 1880. Non se dignou enviarlle un exemplar da revista á autora desta homenaxe poética (vid. MURGUÍA, 2000). Sempre nos chamou a atención este poema, mistura de galanura, xenerosidade e -non o dubidamos- ironía nos rotundos versos finais. Coidamos que, neles, Rosalía dá no cravo con toda a exactitude na definición da personalidade da escritora coruñesa, que á altura de 1880 (28-29 anos), comezaba a perfilarse como autora coñecida, por moito que o groso da súa obra fose posterior a esta data. A escritora galega que en 1880 tiña 43 anos e publicara os dous volumes centrais da literatura galega, catro novelas e outros textos literarios e xornalísticos, coidamos que acerta plenamente na predición. Sen dúbida a ironía pasaría inadvertida para a dedicataria, cando se apresou a publicalo na mesma revista por ela dirixida.

A predición realizouse, ademais, cumpridamente. Reinou amplamente, se non todo o que querería en España, si na súa terra, onde é coroada, na súa cidade natal, A Coruña, como unha raíña (vid. RODRÍGUEZ, 2011). Será nomeada presidenta honoraria da Real Academia Gallega, constituída no 1906. Homenaxes e recoñecementos se suceden, incluído todo o apoio que receberá de estudantes galegos, futuros nacionalistas como Ramón Vilar Ponte, cando se lle nega o ingreso na Real Academia Española, por ser muller. Non faltaron nen faltan os recoñecementos póstumos. Loce magnífica estatua no centro da Coruña (nos xardíns dos Cantóns), non hai moitos anos convenientemente restaurada. D^a Flora Marcote, esposa de D. Amancio Ortega (Inditex) agasalla á Casa-Museo que leva o nome da escritora un magnífico traxe (“de visita”) realizado con todo o esmero, a finura, o luxo e a imitación dos que a Condesa vestiu en vida.

Quen quixer atopar, na Coruña, a estatua dedicada a Rosalía de Castro, terá que se situar nos límites entre a cidade propiamente dita e a estrada que nos leva á súa saída. Difícil chegar a ela, pois está no meio dun céspede inclinado. De lonxe, o máis perceptíbel é unha especie de toquilla ou chal apertado que a cinxe. Dá vontade de a liberar de roupa tan opresiva. En vida, non recibeu homenaxe nengunha, por moito que, de ter viaxado a Cataluña, onde era adorada polos escritores da Renaixença, tería sido aclamada entusiasticamente.

Para alén do leve anecdotario que evocamos, fica en pé a cuestión central. Non coñecemos outra nación europea que non sexa a Galiza onde as dúas grandes liñas, as dúas grandes escollas posíbeis verbo do destino histórico da mesma e da súa cultura, se vexan representadas por senllas mulleres. Con efecto, tanto do punto de vista

da clase social (non a de orixe, senón a clase social á que se serve) como do punto de vista político, moral, ideolóxico, cultural..., ambas escritoras representan os dous pólos que marcan a historia galega do XIX. Tese e antítese, como xa dixemos, as augas desa corrente chegan aos nosos días, nun conflito irresolvido. No estritamente literario, telegrafaríamos o confronto no dúo **cultivo consentido** face a **cultivo consentido**, se se nos admite o xogo verbal. Escusado será explicitar a quen pertence cada un dos sintagmas. Desde logo, verbo da literatura galega, os desexos-prognósticos de D^a Emilia non se cumpriron. Estabelecido ficou, fixado está, que a literatura galega é a escrita en galego. O que é de agradecer á escritora española, en fin, é a súa elocuencia máxima, a rotundidade con que expresa os seus xuízos e, mesmo, o seu valor *pioneiro* verbo do españolismo actual. Dela beben -sen sabéreno, probablemente, vista a precaria cultura literaria dos gobernantes actuais- os principais artífices e valedores do sistema xurídico-político do presente, sexa no relativo á monarquía, á unidade “indisoluble” de España ou á consideración da Galiza como fornecedora de recursos, emigrantes e motivos de ‘safari’. Non por casualidade, como pontualiza sabiamente Carvalho Calero, *a sua mentalidade era a dunha dona da aristocracia europea, española mas cosmopolita* (CARBALLO CALERO, 1983). E, naturalmente, tal posición determina a visión sobre o campesinado galego, as mulles do povo ou, como vimos, a literatura escrita en galego.

Téndomos en conta que pervive aínda o costume crítico reverencial-haxiográfico a respeito de glorias de nacemento galego e triunfo español, pretendémos, con este traballo, aproximarnos ao que xulgamos conflito ideolóxico-literario, nun período apaixonante da historia contemporánea da Galiza, ben merecente aínda de atención e análise. Estudiosas como Leda Schiavo, por exemplo, fóra desa mentalidade reverencialista, sitúan sen complexos un dos núcleos definidores e marcantes da súa personalidade:

Emilia Pardo Bazán tiene en común con esa clase dirigente [*a clase dirixente da Restauración*] el afán por ostentar títulos de nobleza, el género de vida, los contactos con la Corte. Siempre alardeó de su aristocracia de sangre, toda su vida luchó para que el título pontificio de condesa -heredado del padre- fuera convertido en título de Castilla. Lo notable es que, cuando por fin lo consigue -en 1908-, dice: “Hoy llega el momento de usar otro título de Castilla, que en la regia intención debe perpetuar un apellido llamado a extinguirse por ser de mujer e hija única. Mi labor ha hecho conocido ese apellido y el título lo transmitirá a mis descendientes. He aquí como estaba escrito en las estrellas que Condesa había de ser, más tarde o más temprano, y vengo a serlo porque los altos poderes de mi patria estiman la literatura en función de valor social” [...]. Es decir, la escritora afirma que debe su integración en la nobleza a su oficio de escritora y periodista. Esta es una hipótesis fascinante, ya que su demostración revelaría hasta qué punto sus escritos fueron un medio instrumental del bloque de poder (SCHIAVO, 1976: 9-10).

Clase social, moral, ideoloxía, relixión... e, tamén, o arquiteado feminismo (vid. García Negro, 2004), limitado -e de novo secundamos asertos de Leda Schiavo- por todos os condicionantes apuntados: *si por un lado fue muy audaz en la defensa de los derechos de la mujer, tomando posiciones que ella misma califica de radicales, por otro lado su ideario político y social estaba lejos de compartir ese radicalismo, de manera que su feminismo no se inserta en la problemática más amplia, social y política, de la que sin embargo depende, por fuerza, toda reivindicación del status femenino (ibidem: 23).*

Sabias recomendacións epistemolóxicas, en fin, evidencias todas que deberan iluminar as análises da escritora-escritor probabelmente máis prolífico de todo o XIX español. Tratamos de as ter en conta nesta aproximación ao que a Galiza representou para ela: a súa terra, non a súa Terra (e nunca a diferenza tipográfica cobrou máis importancia).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CARBALLO CALERO, Ricardo (1983): “Emilia Pardo Bazán e a realidade galega”, *La Voz de Galicia*, “Cuaderno de Cultura”, 15 de decembro.
- GARCÍA NEGRO, María Pilar (2004): “Pardo Bazán: feminismo, espírito de clase, moralismo”, *La Tribuna*, nº 2, Casa-Museo Emilia Pardo Bazán-Real Academia Galega.
- (2013): *Cantares gallegos, hoxe. Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro*, Alvarellos, Santiago de Compostela.
- LÓPEZ VARELA, Elisardo (1998 [1ª ed.: 1888]): *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez*, Deputación da Coruña.
- MURGUÍA, Manuel M. (1975): *Los Precursores* (edición facsimilar da príncipe, 1886), Biblioteca Gallega, A Coruña.
- (2000): *Murguía en La Voz de Galicia*, Biblioteca Gallega.
- PARDO BAZÁN, Emilia (1888): *Mi romería*, <http://cdigital.dgb.uanl.mx/la/1020027925/1020027925>.
- (1984 [1ª ed.: 1888]): *De mi tierra*, Xerais, Vigo.
- (2010): *Obra crítica (1888-1908)*, edición e introdución de Íñigo Sánchez Llama, Cátedra, Madrid.
- RODRÍGUEZ, Francisco (2011): *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)*, AS-PG, A Coruña.
- SCHIAVO, Leda (1976): “Introducción” e edición de PARDO BAZÁN, Emilia: *La mujer española*, Editora Nacional, Madrid.

